

DA INCERTEZA Ó PARAÍSO
(Lectura do poema "Allasan tamén te agarda" de Fiz Vergara Vilariño)

ALLASANT TAMÉN TE AGARDA

Alegre paraíso de amor, patria do vento,
serás, Allasant, un día,
cando ela chegue
e apouse en ti os seus pes peregrinantes.

5 Abrollarán, entón, en searas e restrebas túas
flores de panqueixo e pampillos,
e couselos para cura-las miñas chagas,
doentes coma cans.

10 Moito máis verdes serán daquela
as paisaxes que cubren os teus outeiros
e as túas valigotas. No inverno
virán neves branquísimas
a coroar os montes noitaregos:
lindeiros teus, xabreiros límites
15 poboados de brétemas e silencio.

¡Serás un novo país das maravillas
cunha Alicia nunca vista
nin imaxinada en ningures!

20 ... E ó fondo, no medio e medio da vagoada,
estarei eu, xigantesco titán,
cabaleiro sen espada, dono
e señor de ti e dela para sempre.

*Nos eidos da bremanza*¹

¹ Galaxia, Vigo, 1990, p. 31.

"Allasant tamén te agarda", poema incluído en *Nos eidos da bremanza*, quinto libro de Fiz Vergara Vilariño, é desde o título unha invitación á viaxe. Aquel que espera no final da ruta anima á peregrina a desprazarse non só cara a el senón cara a Allasant ese ámbito paradisíaco aínda incompleto que encobre, nun xogo lingüístico claro, á omnipresente Santalla de Lóuzara. A muller é a destinataria desa mensaxe pois só coa súa chegada poderán ficar completos o ser e o cosmos que este habita.

Desde a primeira estrofa xógase con tres coordenadas básicas -amorosa, cronolóxica e espacial- que se irán enlazando no desenvolverse do poema. Estas coordenadas atinxen individualmente ó ser que fala (amorosa) e ó ámbito que o acolle (espacial) soportando ambos as pegadas que o tempo imprime sobre eles (cronolóxica) e recibindo á vez os dons que a muller transporta para liberalos desas cadeas, para converter á terra nun lugar eternamente vizoso e ó home nun ser felizmente namorado.

Se a muller -xa en camiño tal e como se desprende do longuísimos verso cuarto que se vai prolongando cos pasos dela na terra- é a destinataria do título e a que xera as reflexións expresadas no poema, o futuro temporal en que se sitúa o discurso funciona como unha certeza canto a que ela chegará un día pero como unha incerteza a respecto de cando acontecerá esta marabilla. E Allasant, que é interlocutora directa do texto pola súa proximidade ó eu poético e polas repercusións que a vinda feminina terá sobre a súa paisaxe, vaise conformando na espera como un ámbito amable que axuda ó eu poético a soportar a súa inquietude.

As referencias ó futuro chegan bruscamente rompendo a mensaxe de positividade que se desprendía do primeiro verso. Se o poema comeza falando dun "*Alegre paraíso de amor, patria do vento*", pronto saberemos que esa realidade edénica se sitúa nun tempo futuro que será referencia constante en todo o texto e que se supedita á chegada dese ti feminino interpelado directamente no título. A partir do verso dous o eu poético dedícase a enumerarlle a Allasant, que é agora oínte, os dons que porta a peregrina para ambos facendo fincapé, sobre todo, no esplendor que a paisaxe acadará nese instante.

O regalo que a muller trae para Allasant é unha primavera suntuosa e inmediata como expresa o contido semántico do termo *abrollar* que implica unha certa violencia na forma de chorir as flores tanto en terreos propicios -as fértiles searas- como nos lugares máis ermos e incultos, as restrebas. Este estalido vexetal acentúase na onomatopeia da explosión explícita na sílaba *pan* común ó nome das dúas únicas especies florais citadas (pampillos, panqueixo). Ambas as variedades teñen efectos inmediatos non só na beleza de Allasant senón sobre a muller que as enxendra: os pampillos simbolizan a morte do seu afán por camiñar e a ligazón eterna a ese cosmos vital onde, tanto ela como o eu poético, se alimentarán dos panqueixos -¡cantas suxerencias nutricias encerradas no seu nome!- que lles fornece a terra.

Parello ó abrollar das flores vai o nacemento dos humildes couselos, herbas que curarán as lacerantes chagas que causou ó ser a dor da ausencia feminina. Os couselos desenvolven unha función terapéutica, balsámica, pero explicitan tamén outra mensaxe importante, a de que ata os seres en aparencia máis ínfimos posúen cualidades que os fai dignos de aprecio. A súa xénese é, pois, unha chamada a non

deixarse deslumbrar pola beleza perceptible e un convite a ir ó fondo das realidades para lograr calibralas na súa xusta medida. Así, mentres que para Allasant son as flores ornamentais, para o eu poético o regalo que trae a muller é menos esplendoroso pero máis necesario.

Tras recibir a primeira cura para as súas feridas, Allasant e o ser que nos fala prepáranse para unha mutación aínda maior. As características actuais da paisaxe van ser potenciadas ó máximo chegando a volvela inmune ós ataques da neve e da brétema. Os versos esténdense agora coa ollada dun ser que calibra os límites conformados polos elementos invernais arredor do paraíso louzarino. Estas fronteiras protexen o ámbito dos amantes e evitan tanto a marcha dela como a entrada perturbadora de entes do exterior. Os boscos, os montes densos retrátanse cunha expresión concentrada e mesta onde o estilo nominal axuda a deter o tempo e fixar o instante.

Chegados a este punto o eu poético estala en alborozo -como se aprecia nos versos 16 a 18- pois Allasant é xa un país de fantasía capaz de acoller a esa peregrina trasmutada en Alicia. A muller que deambula perdida nos camiños xa ten un lugar feito á súa imaxe que só ocupará cando logre verse a si mesma como adulta pois, polo de agora, non é quen de apreciar as marabillas que lle ofrece esta nova terra nin de calibrar o seu potencial poder sobre a mesma. A nena Alicia aínda non está lista para asumir na súa totalidade os dons que se lle ofrecen porque non acadou o seu centro, a resposta ás dúbidas que marcan a fronteira entre a infancia e a madurez. Mais non agarda pasivamente a que isto aconteza senón que se move buscando o seu lugar no mundo. Eis a verdadeira esencia da súa viaxe.

Nesta actitude dinámica diferénciase do eu poético que, rematando o texto, se nos presenta como un ser pasivo vulnerable perante o medo, a incertidume e a falta de amor. Despois de vagarmos pola esplendorosa Allasant, carente aínda da perfección absoluta, descúbrese "*no fondo, no medio e medio da vagoada*" -a onde caemos da man dese longuíssimo verso 19- ó eu poético convertido en titán. Non nun monstro mitolóxico senón nun ser que sofre esperando que a peregrina lle traia a forza necesaria para converterse en "*dono e señor*" eterno dela e de Allasant. Este desexo, propio dun ser nacido para dominar, contraponse coa imaxe do cabaleiro despojado do seu atributo característico, a espada, daquilo que lle dá rango e poder. O eu poético é só un ente desvalido que ten como única arma de defensa a voz coa que guiar ata el á peregrina mediante constantes S.O.S., mensaxes de auxilio que intuimos desesperadas e inútiles.

Esta é a verdadeira face do ser que nos fala desde unha realidade vital inhumana. Por iso, a esperanza inquebrantable que amosa na vinda futura da peregrina antóllasenos patética e cruel pois sabemos que esa Alicia "*nunca vista nin imaxinada en ningures*" pode ou non existir, pode ou non chegar a Allasant e, mesmo, pode ou non decidir ficar alí. O titán xigantesco, abandonado no centro da vagoada, devén nunha imaxe de dor e desvalimento absoluto que cifra as súas últimas ilusións nun ser incerto en todos os sentidos.

Mentres agarda, o eu poético relátalle a Allasant o conto das marabillas futuras porque presinte -ou quere presentir- a Alicia no camiño cara a eles e axexa por riba

dos límites bretemosos un ténue rastro feminino. O ser ferido no tobo escuro dun pozo terrenal e físico, chagado pola dor, evoca futuros de alegría absoluta cando Allasant se deixe orear polo vento fértil e para el abrolle un edén de amor reverdecido. Así, tanto Allasant -inevitable a presenza da terra natal nos poemas de Fiz Vergara Vilariño- como a muller constitúense en remotos paraísos creados sobre as terras -metade firmes, metade incertas- da esperanza.

TERESA SEARA

Guieiros, A.C. Xermolos, Guitiriz, 4, sen lugar edición

[1997], pp. 65-69.